



Contribution ID: 19

Type: **not specified**

A relevancia da relatividade xeral en medicións astronómicas do século XXI

Friday 20 December 2024 15:00 (30 minutes)

Desde a súa publicación a finais do ano 1915, a relatividade xeral leva predicindo varios dos fenómenos máis espectaculares a grandes escalas no Universo. O exponencial desenvolvemento tecnolóxico nas últimas décadas permitiu confirmar moitas destas predicións observacionalmente. Asemade, campos da astronomía nos que os modelos no marco de gravidade Newtoniano eran suficientes para contrastar coas observacións comezaron a requirir correccións relativistas. Tal é o caso da astrometría, unha das disciplinas máis antigas da astronomía e que se encarga de estudar e determinar as posicións, distancias e movementos das estrelas e demais obxectos do ceo. O telescopio espacial Gaia, da Axencia Espacial Europea, leva arredor dunha década acadando as mellores medicións na historia da astrometría. A súa precisión é tal que permitiría medir o grosor dunha folla de papel en Nova Zelandia desde Santiago, polo que a implementación e emprego correctos dun marco relativista xeral neste ámbito fanse indispensables.

Presenter: RODRÍGUEZ, Gabriel (TU Dresden)